

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**11779** *Real decreto 1290/2012, do 7 de setembro, polo que se modifican o Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, e o Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, de desenvolvemento do Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas.*

A transposición ao dereito español da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, deu lugar á incorporación de novos contidos nos plans hidrolóxicos de bacía relacionados, na súa maior parte, coa protección, conservación e mellora do estado das masas de auga e, en xeral, do dominio público hidráulico e, por tanto, coa utilización e protección deste.

A incorporación destes contidos nos plans hidrolóxicos, actualmente en diversas fases de tramitación nas distintas demarcacións hidrográficas, pero en estado moi avanzado en todas elas, puxo de manifesto a carencia de diversas disposicións normativas no desenvolvemento regulamentario do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, que permitan unha actuación homoxénea nos distintos organismos de bacía e outras administracións competentes á hora da xestión da utilización e protección do dominio público hidráulico en asuntos relacionados cos contidos antes citados dos plans hidrolóxicos.

Pola súa vez, a experiencia na xestión da utilización e da protección do dominio público hidráulico por parte dos organismos de bacía e outras administracións competentes foi pondo en evidencia diversas insuficiencias de regulación normativa, así como algunhas ambigüidades que convén resolver, por canto dificultan unha xestión racional do dito dominio.

Consecuentemente, o novo desenvolvemento normativo da xestión da utilización e protección do dominio público hidráulico, demandado tanto pola normativa comunitaria como pola experiencia da Administración hidráulica, debe ser obxecto dunha regulación común para todas as demarcacións hidrográficas, e non debe ser independente en cada plan hidrolóxico de bacía, polo que se aconsella unha modificación do Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.

Por outro lado, o Real decreto 60/2011, do 21 de xaneiro, sobre as normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas, modifica o concepto de substancia perigosa, e entende como tales todas aquelas substancias contidas nos anexos I e II do citado real decreto. O que dá lugar, así mesmo, a modificar a redacción de determinados artigos do Real decreto 849/1986, do 11 de abril.

En concordancia coa Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente e co establecido no artigo 15 do texto refundido da Lei de augas, modifícase o artigo 254 de maneira que se saliente que a información contida no Censo de verteduras será accesible aos cidadáns conforme os principios contidos na Lei 27/2006.

Pola súa vez, a aprobación do Real decreto 475/2007, do 13 de abril, polo que se aproba a Clasificación nacional de actividades económicas 2009, fai necesario modificar o anexo IV do Regulamento do dominio público hidráulico con obxecto de adaptar a clasificación das verteduras segundo os grupos de actividades clasificadas pola CNAE,

para efectos do cálculo do coeficiente de maioración ou minoración do canon de control de verteduras, aos novos códigos aprobados mediante este real decreto.

A Directiva 91/271/CEE do Consello, do 21 de maio de 1991, sobre o tratamento das augas residuais urbanas, incorporouse ao ordenamento interno mediante o Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, que establece as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas, e o Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, que o desenvolve. O texto resultante desta transposición deu lugar a diversas interpretacións sobre os requisitos técnicos que deben cumprir os sistemas colectores e, en concreto, á súa estanquidade e ao tratamento das augas en circunstancias tales como chuvias torrenciais inusuais.

Esta situación, unida ao feito de que non existe normativa específica que regule desbordamentos dos sistemas de saneamento en episodios de chuva, leva á necesidade de reformar o artigo 2 do Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, así como a incorporar ao Regulamento de dominio público hidráulico artigos que permitan limitar a contaminación producida por estes desbordamentos, tendo en conta que na práctica non é posible construír os sistemas colectores e as instalacións de tratamento de maneira que se poida someter a tratamento a totalidade das augas residuais en circunstancias tales como chuvias torrenciais inusuais.

Este real decreto consta, por tanto, de dous artigos: un polo que se modifica o Regulamento do dominio público hidráulico, que constitúe o obxecto principal do presente real decreto; e outro, polo que se modifica o Real decreto 509/1996, do 15 de marzo.

No artigo primeiro inclúense todas as disposicións normativas derivadas do contido común dos plans hidrolóxicos e das carencias normativas detectadas na xestión do dominio público hidráulico, así como as derivadas da aprobación do Real decreto 60/2011, do 21 de xaneiro, e do Real decreto 475/2007, do 13 de abril. Ademais, créase un inventario de puntos de desbordamento de augas de escurramento e desenvólvese o réxime xurídico de desbordamentos de augas de escurramento tanto para as autorizacións de verteduras existentes á entrada en vigor daquel, como para as novas solicitudes de autorización de vertedura.

No artigo segundo modifícase o artigo 2 do Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, para abranguer as situacións de contaminación por verteduras procedentes de desbordamentos de augas de escurramento.

Por último, en prol da simplificación e axilización administrativa, e en coherencia coa modificación do artigo 264.1 do Regulamento do dominio público hidráulico, incorpórase unha disposición derogatoria pola cal se suprime o informe preceptivo previsto nas respectivas normas reguladoras dos consellos da auga das demarcacións no procedemento de revogación de autorización de verteduras, por considerarse un trámite que, en esencia, non fornece un valor engadido, ao estar vinculado ao resultado dun procedemento sancionador previo por incumprimento das condicións da autorización de vertedura.

O real decreto recibiu informe favorable do pleno do Consello Nacional da Auga, no cal participan as comunidades autónomas e sectores afectados. Así mesmo, é importante engadir que non desenvolve ningún aspecto do texto refundido da Lei de augas recentemente modificado polo Real decreto lei 17/2012, do 4 maio, de medidas urxentes en materia de ambiente.

Este real decreto dítase ao abeiro da disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, e da disposición derradeira segunda do Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas que habilitan o Goberno para dotar das normas regulamentarias que requiran o seu desenvolvemento e aplicación, así como do artigo 149.1.18.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado competencia sobre lexislación básica respectivamente sobre concesións administrativas e protección do ambiente, así como do artigo 149.1.22.<sup>a</sup> da Constitución, que reserva ao Estado a competencia sobre a lexislación ordenación e

concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando discorran por máis dunha comunidade autónoma.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de setembro de 2012,

DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, aprobado polo Real decreto 849/1986.*

O Regulamento do dominio público hidráulico que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, queda modificado como segue:

Un. No artigo 53 introdúcese as seguintes modificacións:

«O número 3.c) pasa a ser número 4.

Os números 4 e 5 pasan a ser parágrafos do novo número 4.

O número 6 pasa a ser número 5.»

Dous. Engádense dous números ao artigo 74, coa seguinte redacción:

«3 bis. As autorizacións de sementeiras, plantacións ou corta de árbores establecerán a obriga do titular de restituír o terreo á súa condición anterior, o que pode incluír, entre outras accións, a eliminación de tocos, a plantación de vexetación de ribeira autóctona e a eliminación de obras de defensa, salvo que se obteña unha nova autorización para seguir co cultivo durante o seguinte período vexetativo.

7. O titular dunha autorización para sementeira, plantación ou corta de árbores será responsable de que a actividade non altere as condicións de desaugamento da corrente nese tramo, para o cal deberá retirar árbores ou ramas caídos ou calquera outro elemento relacionado coa explotación que poida supor un obstáculo ao fluxo e causar danos ao dominio público hidráulico ou a terceiros.»

Tres. O número 5 do artigo 76 queda redactado como segue:

«5. Nestas autorizacións ponderarase a súa incidencia sobre o estado das masas de auga. Cando a extracción se pretenda realizar nos tramos finais dos ríos e poida ocasionar efectos prexudiciais nas praias ou afecte a dispoñibilidade das áreas necesarias para as praias, será preceptivo o informe do organismo encargado da xestión e tutela do dominio público marítimo, ao cal se dará despois traslado da resolución que se adopte.»

Catro. O número 1 do artigo 78 queda redactado como segue:

«1. Para realizar calquera tipo de construción en zona de policía de leitos exixirase a autorización previa ao organismo de bacía, a menos que o correspondente plan de ordenación urbana, outras figuras de ordenamento urbanístico ou plans de obras da Administración recibisen o informe do organismo de bacía e recollen as oportunas previsións formuladas para o efecto. En todos os casos, os proxectos derivados do desenvolvemento do planeamento deberán ser comunicados ao organismo de bacía para que se analicen as posibles afeccións ao dominio público hidráulico e ao disposto no artigo 9.»

Cinco. O artigo 81 queda redactado como segue:

«A autorización de calquera outra actividade a que fai referencia o artigo 9.1.d) será tramitada polo organismo de bacía de acordo co disposto no artigo 53.

En relación con plantacións, serán de aplicación para a zona de policía os mesmos condicionantes establecidos no artigo 74.7.»

Seis. O número 2 do artigo 85 queda redactado como segue:

«2. Na comunicación citada deberá indicarse o caudal máximo instantáneo, o volume máximo anual e o volume máximo mensual derivados, a finalidade da derivación, o termo municipal e a descrición das obras que se realizarán para a derivación.»

Sete. O número 4 do artigo 89 queda redactado como segue:

«4. Ao extinguirse o dereito concesional reverterán ao Estado gratuitamente e libres de cargas cantas obras fosen construídas dentro do dominio público hidráulico para a explotación do aproveitamento, sen prexuízo do cumprimento das condicións estipuladas no documento concesional e, se for o caso, as relativas á reversión doutros elementos situados fóra do demanio.

Se nese momento a Administración hidráulica considerar posible e conveniente a continuidade do aproveitamento, poderá exixir do concesionario a entrega dos bens obxecto de reversión en condicións de explotación tal como prevén os artigos 164.3, 165.3 e 167.3 e 4. Se, polo contrario, o considerar inviable, ou o seu mantemento resultar contrario ao interese público, poderá exixir a demolición do construído en dominio público de conformidade co artigo 101 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.»

Oito. Modifícase o número 1 e engádese un número 4 ao artigo 93 coa seguinte redacción:

«1. Todo uso privativo das augas non incluído no artigo 54 do texto refundido da Lei de augas require concesión administrativa. O seu outorgamento será discrecional, pero toda resolución será motivada e adoptada en función do interese público. As concesións serán susceptibles de revisión conforme o establecido no artigo 65 do texto refundido da Lei de augas.

4. Non obstante o disposto no número 1, os órganos da Administración do Estado ou das comunidades autónomas poderán acceder á utilización das augas, logo de autorización especial emitida ao seu favor ou do patrimonio do Estado, sen prexuízo de terceiros.»

Nove. O artigo 97 queda redactado como segue:

«Artigo 97. *Duración das concesións.*

Toda concesión se outorgará segundo as previsións dos plans hidrolóxicos; terá carácter temporal e prazo máximo de duración, incluídas as prórrogas, non superior a setenta e cinco anos de conformidade co artigo 93.3 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

O prazo comezará a computar desde o día seguinte ao da notificación da resolución concesional.»

Dez. O parágrafo primeiro do artigo 102 queda redactado como segue:

«En toda concesión de augas públicas fixarase a súa finalidade, o seu prazo, o caudal máximo instantáneo, o volume máximo anual e, se for o caso, o volume máximo mensual cuxo aproveitamento se concede, indicando o período de

utilización cando esta se faga en xornadas restrinxidas. Identificarase o termo municipal e a provincia onde está situada a toma e as referencias cartográficas das tomas de augas e dos seus lugares de aplicación.»

Once. A alínea b) do número 2 do artigo 106 queda redactada como segue:

«b) Cando a concesión solicitada sexa para regas, xuntaranse, ademais, os documentos públicos ou fidedignos que acrediten a propiedade da terra que se vaia regar ou, no caso de concesións solicitadas por comunidades de usuarios ou en réxime de servizo público, os documentos que xustifiquen que foi aprobada a solicitude de concesión en xunta xeral ou que se ten a conformidade dos titulares que reúnan a metade da superficie que se pretende regar, respectivamente. O documento técnico xustificativo deste tipo de aproveitamentos incluírá un estudo agronómico que abranguerá como mínimo un cálculo da dotación de auga referido a cada un dos meses en que a rega for necesaria e un estudo económico da transformación de secaño a regadío que permita ditaminar sobre a procedencia ou improcedencia daquela. Así mesmo, a solicitude acompañarase dunha análise e proposta de boas prácticas para limitar a contaminación difusa e a exportación de sales, especialmente nas zonas declaradas vulnerables.»

Doce. O artigo 126 queda redactado como segue:

«Artigo 126. *Obras dentro e sobre o dominio público hidráulico.*

1. A tramitación dos expedientes de concesións e autorizacións de obras dentro ou sobre o dominio público hidráulico realizarase segundo o procedemento regulado nos artigos 53 e 54, coas seguintes particularidades e precisións:

a) No caso de estabilización de marxes ou limpeza de leitos, a documentación comprenderá, como mínimo, un plano de planta á escala da obra que se vaia executar en que quede perfectamente definida en relación con ambas as marxes do leito, acompañado dunha sucinta memoria descritiva.

Cando pola índole da obra solicitada poida verse modificada a capacidade de evacuación do leito, incluíranse perfís transversais deste e un cálculo xustificativo da capacidade a distintos niveis. Poderanse substituír os planos a escala por esquemas con cotas se se trata de obras de pouca importancia en leitos públicos de escasa entidade.

b) As obras de canalizacións, as motas de defensa, as pontes e pasarelas ou outras modificacións non incluídas na alínea anterior, requirirán a presentación dun proxecto suscrito por técnico competente. O organismo de bacía poderá acordar a substitución do proxecto por planos a escala descritivos da totalidade das obras e unha memoria xustificativa cando, ao seu xuízo, se trate de obras de pouca importancia en leitos públicos de escasa entidade.

Os proxectos de cortas ou cobertura de leitos conterán un plano topográfico que defina os vértices da poligonal que delimita os leitos novo e antigo referenciados con coordenadas ETRS89.

c) No caso de que coas obras se pretendan recuperar terreos que pertencen ao petionario, esta circunstancia farase constar expresamente na solicitude inicial, xustificando a propiedade mediante a presentación do oportuno título ou certificación rexistral, xunto cunha copia do plano parcelario do terreo que se pretende recuperar e un plano topográfico que defina os vértices da delimitación dos terreos referenciados con coordenadas ETRS89 respecto do leito, que deberá contrastarse coa correspondente delimitación do dominio público hidráulico de que dispoña o organismo de bacía. Esta delimitación dos terreos non vinculará o resultado do deslindamento que se desenvolva nos termos previstos nos artigos 240 e seguintes.

2. Poderá prescindirse da información pública cando os estudos hidráulicos realizados polo solicitante e validados polo organismo de bacía demostren que non se produce un incremento de niveis tanto na outra marxe do río como augas arriba e abaixo do tramo en cuestión, ou ben cando se trate de estabilización de marxes, limpeza de leitos, pontes, pasarelas e coberturas de escasa importancia en leitos de pequena entidade.

3. A actuación deberá someterse á tramitación ambiental necesaria en función da lexislación ambiental aplicable en cada caso.

4. Non necesitarán a concesión a que se refire este artigo as obras que realice o Estado ou as comunidades autónomas incluídas en plans que recibisen o informe do organismo de bacía e recollen as súas prescricións. Non obstante, todos os proxectos das administracións públicas que se realicen nestes ámbitos deberán someterse ao informe do organismo de bacía para se analizaren as posibles afeccións do dominio público hidráulico.

5. As actuacións derivadas destes expedientes e de calquera outro que supoña unha afección do dominio público hidráulico almacenaranse e manteranse actualizadas nun sistema informático convenientemente xeorreferenciadas de forma que sirvan de base ao inventario de presións establecido no Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo.»

Trece. Engádesse un artigo 126 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 126 bis. *Condicións para garantir a continuidade fluvial.*

1. O organismo de bacía promoverá o respecto á continuidade lonxitudinal e lateral dos leitos compatibilizándoo cos usos actuais da auga e das infraestruturas hidráulicas recollidas na planificación hidrolóxica.

2. Nos condicionados das novas concesións e autorizacións ou da modificación ou revisión das existentes que inclúan obras transversais no leito o organismo de bacía exixirá a instalación e adecuada conservación de dispositivos que garantan que sexan franqueables para a ictiofauna autóctona. Igual exixencia terá lugar para as obras deste tipo existentes vinculadas a concesións e autorizacións que inclúan esta obriga no seu condicionado ou que deban incorporar tales dispositivos en aplicación da legalidade vixente.

Poderase prescindir temporalmente destes dispositivos por criterios ambientais ou por inviabilidade técnica, que se xustificará adecuadamente en cada caso. En función da evolución ambiental do tramo ou da mellora das técnicas, o organismo de bacía poderá exixir a súa instalación cando as condicións así o aconsellen.

3. Nas obras e na tramitación de expedientes de autorizacións e concesións que correspondan a obras de defensa contra inundacións, o organismo de bacía terá en conta os posibles efectos sobre o estado das masas de auga. Salvo casos excepcionais, só poderán construírse obras de defensa sobreelevadas lateralmente aos leitos na zona de fluxo preferente cando protexan poboacións e infraestruturas públicas existentes.

4. O organismo de bacía promoverá a eliminación de infraestruturas que, dentro do dominio público hidráulico, se encontren abandonadas e non cumpran función ningunha ligada ao aproveitamento das augas, tendo en consideración a seguranza das persoas e os bens e valorando o efecto ambiental e económico de cada actuación.

5. Para o outorgamento de novas autorizacións ou concesións de obras transversais ao leito que pola súa natureza e dimensións poidan afectar significativamente o transporte de sedimentos, será exixible unha avaliación do impacto desas obras sobre o réxime de transporte de sedimentos do leito. Na explotación das ditas obras adoptaranse medidas para minimizar este impacto.»



Catorce. O número 1 do artigo 128 queda redactado como segue:

«1. A tramitación de concesións de auga para regas que non sexan en réxime de servizo público con caudal máximo instantáneo menor de 8 litros por segundo e volume máximo anual menor de 100.000 metros cúbicos, para usos domésticos até 2.000 persoas, aínda cando non constitúan un núcleo habitado tipificado no artigo 123, para acuicultura até un caudal máximo instantáneo de 100 litros por segundo ou ben dun caudal máximo instantáneo inferior a 5 litros por segundo, para destinos non enerxéticos diferentes dos xa indicados, rexeráse polo procedemento indicado nos artigos seguintes.»

Quince. O número 1 do artigo 130 queda redactado como segue:

«1. Na tramitación de concesións de augas para aproveitamento de rega con caudal máximo instantáneo menor de 4 litros por segundo e volume máximo anual menor de 50.000 metros cúbicos, de usos domésticos até 50 persoas, constitúan ou non núcleo habitado, ou dun caudal máximo instantáneo inferior a 2 litros por segundo para outros destinos diferentes dos indicados, ademais de prescindirse do trámite de competencia de proxectos e de limitar a información pública na forma indicada no artigo anterior, a documentación que se deberá xuntar á instancia de petición da concesión será a que se indica nos números seguintes.»

Dezaseis. O artigo 132 queda redactado como segue:

«Artigo 132. *Utilización con fins hidroeléctricos de infraestruturas do Estado.*

1. Cando, de acordo co plan hidrolóxico da demarcación, exista a posibilidade de utilizar con fins hidroeléctricos presas de encoro ou as canles construídas total ou parcialmente con fondos do Estado ou propios do organismo de bacía, poderá sacarse a concurso público a explotación destes aproveitamentos, de acordo co indicado nos seguintes artigos.

2. A disposición a que fai referencia o número anterior tamén será de aplicación, sen necesidade da súa inclusión no plan hidrolóxico de demarcación, ás infraestruturas que revertesen ao Estado nos casos de extinción de concesións.»

Dezasete. No número 2 do artigo 133 o termo «pesetas» queda substituído polo termo «euros».

Dezaoito. Os números 2 e 5 do artigo 144 quedan redactados como segue:

«2. Por características esenciais entenderanse a identidade do titular, o volume máximo anual, o volume máximo mensual cando así se establecese no título concesional e o caudal máximo instantáneo para derivar, a corrente e o punto de toma, a finalidade da derivación, a superficie regable nas concesións para rega e tramo afectado nas destinadas a produción de enerxía eléctrica.

5. Naquelas concesións cuxo outorgamento viñer atribuído pola Lei de augas ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a tramitación das solicitudes de modificación de características esenciais ou condicións, seguindo o procedemento previsto nos artigos do 145 ao 148, levarao a cabo o organismo de bacía, o cal tramitará o expediente e elevarao posteriormente ao mencionado ministerio, para a súa resolución definitiva, a excepción das relativas á titularidade do aproveitamento, que resolverá o propio organismo de bacía.

Nos casos en que a resolución sexa aprobada polo ministerio, este dará traslado ao organismo de bacía para efectos de inspección, vixilancia e de inscrición no Rexistro de Augas.»

Dezanove. O artigo 153 queda redactado como segue:

«Artigo 153. *Aumento do prazo de concesión.*

1. As autorizacións de modificación de características só poderán implicar un aumento do prazo concesional, se así o solicitar o concesionario, cando a modificación exixa a realización de investimentos que non puideren ser amortizados dentro do prazo de concesión restante. A duración da prórroga fixarase en atención ao necesario período de amortización sen que o prazo total da concesión poida superar, en ningún caso, o máximo fixado no artigo 97.

2. As solicitudes de aumento de prazo a que fai referencia o número anterior non se admitirán durante os últimos tres anos de vixencia da concesión.»

Vinte. Engádesse un artigo 156 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 156 bis. *Acreditación de menor dotación e aforro.*

1. Para a acreditación a que fai referencia o artigo 65.2 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xuño, teranse en conta, entre outros, os criterios seguintes:

- a) As dotacións máximas establecidas no plan hidrolóxico.
- b) As superficies realmente regadas e a poboación realmente servida nun período suficientemente representativo.
- c) Os caudais realmente derivados nun período suficientemente representativo.
- d) A capacidade de derivación e transporte das infraestruturas vinculadas co aproveitamento, salvo que:

1.º Se realizasen modificacións non autorizadas que comporten unha maior derivación ou consumo de auga.

2.º A mala conservación das infraestruturas implique un maior consumo de auga.

e) O feito de que os caudais concedidos sexan xa subministrados por unha rede pública de abastecemento ou unha comunidade de usuarios ou que se encontren comprendidos noutra concesión posterior.

f) A introdución das melloras técnicas dispoñibles en cada momento.

2. Para os efectos de aplicación dos números 1.b) e c) poderá considerarse como período suficientemente representativo o de cinco anos hidrolóxicos, comprendidos entre os dez anos anteriores á data de iniciación do procedemento de revisión.»

Vinte e un. O número 1 do artigo 164 queda redactado como segue:

«1. Os expedientes de extinción do dereito por transcurso do prazo da concesión poderanse iniciar tres anos antes de expirar a súa vixencia, de oficio ou por instancia de parte.»

Vinte e dous. Engádesse un artigo 165 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 165 bis. *Particularidades para os aproveitamentos hidroeléctricos.*

1. No caso dos aproveitamentos hidroeléctricos, o informe do servizo a que fan referencia os artigos 164.3, 165.3 e 167.4 incluírá unha proposta razoada sobre o futuro do aproveitamento a extinguir que inclúa, entre outros aspectos, recomendacións sobre a continuidade da explotación, a adscrición da titularidade



das infraestruturas e instalacións e sobre a xestión ou, se for o caso, a demolición das infraestruturas e instalacións que deben reverter ao Estado.

2. Unha vez ditada a resolución de extinción, o órgano competente, en caso de optar pola continuidade da explotación, tramitará o correspondente contrato de servizos ou o concurso público de explotación do aproveitamento conforme o especificado no artigo 132.2.»

Vinte e tres. Modifícase o número 7 e engádese un número 8 no artigo 173 coa seguinte redacción:

«7. O organismo de bacía subministrará ás administracións competentes os perímetros de protección, así como os condicionamentos neles establecidos, que deberán ser tidos en conta nos diferentes plans urbanísticos ou de ordenación do territorio con que se relacionan.

8. Nas solicitudes de delimitación de perímetros de protección previstas no número 3, cando se trate de aproveitamentos de augas subterráneas destinadas ao consumo humano que subministran unha media diaria superior a 10 metros cúbicos ou serven máis de 50 persoas, poderase exixir un informe técnico que inclúa, entre outros, os seguintes aspectos:

a) Proposta de delimitación do perímetro con base nas características hidroxeolóxicas do acuífero, nas características, réxime de explotación e área de influencia da captación e na preservación da cantidade e calidade do recurso captado.

b) Información sobre as figuras de ordenación e zonificación territorial vixente que a afecten.»

Vinte e catro. A alínea a) do artigo 187 queda redactada como segue:

«a) Volume máximo anual concedido, volume máximo mensual, cando sexa o caso, e caudal máximo instantáneo.»

Vinte e cinco. Engádese un número 3 ao artigo 188 coa seguinte redacción:

«3. Os labores de limpeza, desenvolvemento e estimulación de pozos deberán ser comunicados ao organismo de bacía cunha anticipación mínima dun mes.»

Vinte e seis. Engádese un artigo 188 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 188 bis. *Selaxe de captacións de auga subterránea.*

1. Nos expedientes de extinción, revisión ou modificación de dereitos de augas subterráneas que teñan como consecuencia o cesamento da actividade extractiva adoptaranse as medidas necesarias para garantir a selaxe por parte do titular dos pozos, sondaxes ou obras asimilables con material inerte, de tal forma que non quede alterado o fluxo subterráneo na contorna, e procederase á retirada de todos os materiais eléctricos e mecánicos para a súa reciclaxe, utilización ou traslado a un vertedoiro autorizado.

2. O organismo de bacía poderá, de forma subsidiaria, levar a cabo a selaxe da captación, repercutindo os custos desa actuación no que fose o seu titular.

3. As previsións dos dous números anteriores serán de aplicación ás autorizacións de investigación de augas subterráneas.»

Vinte e sete. Os números 2.d) 2.e) e 2.j) do artigo 192 quedan redactados como segue:

«2.d) Corrente ou acuífero de que procedan as augas especificando, se for o caso, a masa de auga.

2.e) Lugar, termo municipal e provincia en que se capta a auga. Inclúiranse as coordenadas ETRS 89 de cada unha das tomas.

2.j) Volume máximo anual en metros cúbicos e, se for o caso, modulación establecida, así como volume máximo mensual.»

Vinte e oito. Engádesse un artigo 192 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 192 bis. *Traslado de asentos da sección C á sección A do Rexistro de Augas.*

Por solicitude dos titulares e sempre que non se incrementen os caudais totais utilizados nin se modifiquen as condicións ou réxime de aproveitamento, o organismo de bacía, logo de revisión dos aproveitamentos e coa limitación do prazo concesional previsto no número 1 das disposicións transitorias segunda e terceira do texto refundido da Lei de augas, efectuará o traslado dos asentos da sección C á sección A do Rexistro de Augas.

Para tal efecto, considerarase modificación das condicións ou do réxime de aproveitamento, entre outras, as actuacións que supoñan a variación da profundidade e do diámetro do pozo, así como calquera cambio no uso, localización ou variación de superficie sobre a cal se aplica o recurso no caso de aproveitamentos de regadío.»

Vinte e nove. O número 2 do artigo 200 queda redactado como segue:

«2. Os estatutos ou as ordenanzas conterán, así mesmo, o correspondente réxime de policía do aproveitamento colectivo, así como o establecemento de medidas de control de consumos e tarifas, que fomenten o aforro e combinen adecuadamente o consumo e a superficie para efectos de facturación.»

Trinta. O número 3.c) do artigo 242 queda redactado como segue:

«c) Cartografía do tramo que se vai deslindar, baseada nos modelos dixitais do terreo de alta definición, ortofotos dispoñibles ou outros medios de similar precisión, representada a escala non inferior a 1/1.000, así como información catastral e toponímica.»

Trinta e un. Engádesse un artigo 243 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 243 bis. *Zonas de augas de baño.*

Conforme o previsto no artigo 25.4 do texto refundido da Lei de augas, a declaración anual das zonas de augas de baño polas autoridades competentes requirirá informe previo dos organismos de bacía en relación coas zonas situadas dentro do seu ámbito de competencia.»

Trinta e dous. Os números 2, 3 e 5.d) do artigo 245 quedan redactados como segue:

«2. Queda prohibida con carácter xeral a vertedura directa ou indirecta de augas e produtos residuais susceptibles de contaminaren as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico, salvo que se conte coa autorización previa. Esta autorización corresponde á Administración hidráulica competente, salvo nos casos de verteduras efectuadas en calquera punto da rede de sumidoiros ou de colectores xestionados polas administracións autonómicas ou locais ou por entidades dependentes delas, nos cales a autorización corresponderá ao órgano autonómico ou local competente.

3. A autorización de vertedura terá como obxecto a consecución dos obxectivos ambientais establecidos. As autorizacións outorgaranse tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e de acordo coas normas de calidade ambiental e os límites de emisión establecidos neste regulamento e no resto da normativa en

materia de augas. Estableceranse condicións de vertedura máis rigorosas cando o cumprimento dos obxectivos ambientais así o requira. Estas normas e obxectivos poderán ser concretados para cada bacía polo respectivo plan hidrolóxico, de acordo co disposto no artigo 100.2 do texto refundido da Lei de augas.

5.d) Substancia perigosa: as substancias ou grupos de substancias que son tóxicas, persistentes e bioacumulables, así como outras substancias ou grupos de substancias que entrañan un nivel de risco análogo e, en particular, as contidas nos anexos I e II do Real decreto 60/2011, do 21 de xaneiro, sobre as normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas.»

Trinta e tres. O artigo 246 queda redactado como segue:

«Artigo 246. *Iniciación do procedemento de autorización de verteduras.*

1. O procedemento para obter a autorización de vertedura iniciárase mediante a solicitude do titular da actividade, cos datos requiridos no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e coa declaración de vertedura segundo o modelo aprobado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

2. A declaración de vertedura conterá os seguintes datos:

- a) Características da actividade causante da vertedura.
- b) Localización exacta do punto onde se produce a vertedura.
- c) Características cualitativas (con indicación de todos os valores dos parámetros contaminantes da vertedura), cuantitativas e temporais da vertedura.
- d) Descrición das instalacións de depuración e evacuación da vertedura.
- e) Proxecto, suscrito por técnico competente, das obras e instalacións de depuración ou eliminación que, se for o caso, sexan precisas para que o grao de depuración sexa o adecuado para a consecución dos valores límite de emisión da vertedura, tendo en conta as normas de calidade ambiental determinadas para o medio receptor.

e') Se for o caso, a documentación técnica que desenvolva e xustifique adecuadamente as características da rede de saneamento e os sistemas de aliviadoiros, e as medidas, actuacións e instalacións previstas para limitar a contaminación por desbordamento en episodios de chuvias.

f) Petición, se for o caso, de imposición de servidume forzosa de acueduto ou de declaración de utilidade pública, para os efectos de expropiación forzosa, acompañada da identificación de predios e propietarios afectados.

g) Descrición das medidas, actuacións e instalacións de seguranza previstas para a prevención de verteduras accidentais.

3. No caso de solicitudes formuladas por entidades locais e comunidades autónomas a declaración de vertedura deberá incluír, ademais:

a) Inventario de verteduras industriais con substancias perigosas a que se refire o artigo 245.5.d) recollidos pola rede de saneamento autonómica ou local.

b) Contido e desenvolvemento do plan de saneamento e control de verteduras á rede de saneamento autonómica ou local que incluírá, se for o caso, os programas de redución de substancias perigosas, así como o correspondente regulamento ou ordenanza de verteduras. No caso de que as instalacións de depuración e evacuación necesarias formen parte dun plan ou programa de saneamento aprobado por outra Administración pública, farase constar así na solicitude.

c) Conxunto de medidas que comprendan estudos técnicos de detalle que, tendo en conta o réxime de chuvias, as características da bacía vertente, o deseño da rede de saneamento, a natureza e características das substancias presentes nos desbordamentos dos sistemas de saneamento en episodios de chuvias, e os obxectivos ambientais do medio receptor, definan as boas prácticas e actuacións

básicas para maximizar o transporte de volumes cara ás estacións depuradoras de augas residuais e de escurramento e reducir o impacto dos desbordamentos dos sistemas de saneamento en episodios de chuvia.

Estas medidas incluírán, como mínimo, a descrición xeral do sistema de saneamento e das actuacións previstas e o cronograma de execución.

4. No caso de que o solicitante da autorización de vertedura deba solicitar, ademais, unha concesión para o aproveitamento privativo das augas, ou pretenda a reutilización das augas, a documentación a que se refiren os números anteriores presentárase conxuntamente coa que resulte necesaria para os efectos de obter a concesión.

A posta en explotación do aproveitamento quedará subordinada ao outorgamento da concesión e a autorización de vertedura.»

Trinta e catro. Suprímese o artigo 250.

Trinta e cinco. O artigo 251 queda redactado como segue:

«Artigo 251. *Condicionado das autorizacións de vertedura.*

1. As autorizacións de vertedura establecerán as condicións en que estas deben realizarse, concretando especialmente os datos seguintes:

a) A orixe das augas residuais e a localización xeográfica do punto de vertedura.

b) O caudal e os valores límite de emisión do efluente, determinados consonte as seguintes regras xerais:

1.<sup>a</sup> As características de emisión da vertedura serán tales que resulten adecuadas para o cumprimento das normas de calidade ambiental do medio receptor. Poderase establecer unha aplicación gradual daquelas até a súa completa consecución.

2.<sup>a</sup> Exixiranse valores límite de emisión para os parámetros característicos da actividade causante da vertedura.

3.<sup>a</sup> Os valores límite de emisión non poderán alcanzarse mediante técnicas de dilución.

c) As instalacións de depuración e evacuación que o organismo de bacía considere suficientes para cumprir a normativa sobre a calidade da auga do medio receptor.

d) As datas de iniciación e terminación das obras e instalacións, as fases parciais previstas e a entrada en servizo daquelas, así como as medidas que, en caso necesario, se deban adoptar para reducir a contaminación durante o prazo de execución daquelas.

e) Os elementos de control das instalacións de depuración e os sistemas de medición do caudal e da toma de mostras, así como a periodicidade en que é obrigatorio analizar e acreditar os parámetros e condicións da vertedura, así como calquera outra declaración e acreditación a que estea obrigado ante o organismo de bacía.

e') Se for o caso, as medidas, as actuacións e as instalacións para a regulación dos desbordamentos dos sistemas de saneamento en episodios de chuvia, así como os elementos de control delas, necesarios que permitan limitar adecuadamente a contaminación que poidan producir e cumprir os obxectivos ambientais do medio receptor.

f) O prazo de vixencia da autorización.

g) O importe do canon de control de verteduras que corresponda en aplicación do artigo 113 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto

lexislativo 1/2001, do 20 de xuño, especificando o prezo unitario e os seus compoñentes.

h) As causas de modificación e revogación da autorización.

i) As actuacións e medidas que, en casos de emerxencia, deban ser postas en práctica polo titular da autorización, entre elas as instalacións de almacenamento de auga sen tratar para o caso de paradas súbitas ou programadas das estacións depuradoras de industrias que inclúan procesos químicos, biolóxicos ou radioactivos.

j) Se for o caso, o establecemento dos programas de redución da contaminación para a progresiva adecuación das características da vertedura aos valores límite de emisión a que se refire a alínea b) anterior, así como os seus correspondentes prazos.

k) Calquera outra condición que o organismo de bacía considere oportuna en razón das características específicas do caso e do cumprimento da finalidade das instalacións de depuración e evacuación.

2. O condicionado das autorizacións de verteduras que poidan afectar as augas subterráneas axustaranse, ademais, ao disposto no artigo 259.

3. Unha vez concedida a autorización, as entidades locais e as comunidades autónomas autorizadas están obrigadas:

a) A informar anualmente a Administración hidráulica sobre a existencia de verteduras nos colectores de substancias perigosas a que se refire o artigo 245.5.d).

b) A informar sobre o funcionamento das estacións de depuración de augas residuais urbanas, para os fins previstos no Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, polo que se desenvolve o Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas.

c) A informar anualmente a Administración hidráulica sobre os desbordamentos da rede de saneamento.

4. O incumprimento das condicións de autorización poderá dar lugar á súa revogación nos termos previstos no artigo 263.»

Trinta e seis. O número 1 do artigo 254 queda redactado como segue:

«1. Os organismos de bacía levarán un censo das verteduras autorizadas ao cal terán acceso os cidadáns nos termos previstos na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.»

Trinta e sete. Engádesse un artigo 259 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 259 bis. *Verteduras en leitos con réxime intermitente de caudal.*

1. Toda vertedura de augas residuais que se realice en leitos con réxime intermitente de caudal e que non chegue a alcanzar unha corrente permanente poderá ser considerada como vertedura directa a augas continentais ou como vertedura indirecta en augas subterráneas mediante filtración a través do solo.

2. O organismo de bacía, despois de valorar o do réxime de caudais e as características hidroxeolóxicas do leito augas abaixo, nunha distancia suficiente para poder estimar a posible afección das augas subterráneas, decidirá baixo cal das consideracións ou, se for o caso, ambas, debe efectuarse a tramitación da autorización de vertedura.

3. No caso de que proceda a tramitación como vertedura indirecta a augas subterráneas, o peticionario debe presentar o estudo hidroxeolóxico previo, ao cal fan referencia os artigos 257 e 258, sen prexuízo do establecido no artigo 253.»

Trinta e oito. Engádese unha sección 4.<sup>a</sup> bis ao capítulo II do título III coa seguinte redacción:

«*Sección 4.<sup>a</sup> bis. Desbordamentos de sistemas de saneamento en episodios de chuvía*

*Artigo 259 ter. Desbordamentos de sistemas de saneamento en episodios de chuvía.*

1. Nas autorizacións de vertedura de sistemas de saneamento de zonas urbanas teranse en conta os seguintes criterios en relación a desbordamentos en episodios de chuvía:

a) Os proxectos de novos desenvolvementos urbanos deberán xustificar a conveniencia de establecer redes de saneamento separativas ou unitarias para augas residuais e de escurremento, así como propor medidas que limiten a chegada de augas de chuvía aos colectores.

b) Nas redes de colectores de augas residuais urbanas non se admitirá a incorporación de augas de escurremento procedentes de zonas exteriores á aglomeración urbana ou doutro tipo de augas que non sexan as propias para que foron deseñados, salvo en casos debidamente xustificadas.

c) En tempo seco non se admitirán verteduras polos aliviadoiros.

d) Os aliviadoiros do sistema colector de saneamento e os de entrada á depuradora deberán dotarse dos elementos pertinentes en función da súa localización, da antigüidade e do tamaño da área drenada para reducir a evacuación ao medio receptor de, ao menos, sólidos graúdos e flutuantes. Estes elementos non deben reducir a capacidade hidráulica de desaugamento dos aliviadoiros, tanto no seu funcionamento habitual como en caso de fallo

e) Co fin de reducir convenientemente a contaminación xerada en episodios de chuvía, os titulares de verteduras de augas residuais urbanas terán a obriga de pór en servizo as obras e instalacións que permitan reter e evacuar adecuadamente cara á estación depuradora de augas residuais urbanas as primeiras augas de escurremento da rede de saneamento con elevadas concentracións de contaminantes producidas en tales episodios.

2. Nas autorizacións de vertedura de sistemas de saneamento de augas residuais de zonas industriais teranse en conta os seguintes criterios en relación cos desbordamentos en episodios de chuvía:

a) Os proxectos de novos desenvolvementos industriais deberán establecer, preferentemente, redes de saneamento separativas e incorporar un tratamento das augas de escurremento independente do tratamento de augas residuais.

b) Nas redes de colectores de augas residuais de zonas industriais non se admitirá a incorporación de augas de escurremento procedentes de zonas exteriores á implantación da actividade industrial ou doutro tipo de augas que non sexan as propias para que foron deseñados, salvo en casos debidamente xustificadas.

c) Non se permitirán aliviadoiros nas liñas de recolla e depuración de:

1.º Augas con substancias perigosas.

2.º Augas de proceso industrial.

3. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, en prol do cumprimento dos obxectivos ambientais do medio receptor, ditará as normas



técnicas en que se especifiquen e desenvolvan os procedementos de deseño das obras e instalacións para a xestión das augas de escorramento, sen prexuízo de que as comunidades autónomas con competencia sobre bacías intracomunitarias poidan ditar normas adicionais que garantan o cumprimento destes obxectivos, e tendo en conta o disposto neste artigo. Estas normas utilizaranse no establecemento das condicións das autorizacións de vertedura.

4. A deterioración temporal do estado das masas de auga consecuencia dos desbordamentos dos sistemas de saneamento en episodios de chuvia non constituirá unha infracción das disposicións do presente real decreto se se debe a causas naturais ou de forza maior ou ao resultado de circunstancias derivadas de accidentes, que sexan excepcionais ou que non se puidesen prever razoablemente, tendo en conta os criterios establecidos nas normas técnicas a que se fai referencia no número 3. En tales casos o titular da autorización informará inmediatamente o organismo de bacía, especificando as causas, potenciais danos e medidas adoptadas para minimizar os efectos.»

Trinta e nove. O número 1 do artigo 264 queda redactado como segue:

«1. Precedendo requirimento ao titular para que axuste a vertedura ás condicións baixo as cales foi outorgada a autorización e non atendido aquel no prazo concedido, o organismo de bacía poderá acordar a revogación da autorización de acordo co artigo 263.2.a) mediante resolución motivada.»

Corenta. O artigo 295 queda redactado como segue:

«Artigo 295. *Liquidacións complementarias.*

En caso de incumprimento das condicións da autorización de vertedura, o organismo de bacía ditará unha liquidación complementaria correspondente ao período do incumprimento que estea acreditado no procedemento sancionador. O importe do canon calcularase con suxeición aos criterios establecidos no artigo 292, coa excepción da aplicación do coeficiente de maioración nas verteduras de piscifactorías, de augas de achique procedentes de actividades mineiras e de augas de refrixeración, nas cales se multiplicará por 5 o coeficiente que figure na autorización.»

Corenta e un. A disposición adicional «Réxime xurídico das presas, encoros e balsas mineiras» pasa a ser a disposición adicional primeira.

Corenta e dous. Engádese a disposición adicional segunda coa seguinte redacción:

«Disposición adicional segunda. *Inventario dos puntos de desbordamento de augas de escorramento.*

1. Os titulares de verteduras industriais e de verteduras urbanas de máis de 2.000 habitantes equivalentes cuxos sistemas de saneamento orixinen desbordamentos en episodios de chuvia deberán presentar aos organismos de bacía unha relación dos puntos de desbordamento antes do 31 de decembro de 2014.

2. Os organismos de bacía deberán dispor dun inventario dos puntos de desbordamento de augas de escorramento dos sistemas de saneamento antes do 31 de decembro de 2015, o cal formará parte do inventario sobre o tipo e a magnitude das presións antropoxénicas significativas a que están expostas as masas de auga, tal como queda definido no artigo 15 do Regulamento de planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo. Este inventario almacenarase e manterase actualizado nun sistema informático convenientemente xeorreferenciado.»

Corenta e tres. Incorporárase a disposición transitoria terceira coa redacción que consta a seguir:

«Disposición transitoria terceira. *Incorporación nos sistemas de saneamento de medidas para o control de desbordamento de augas de escorremento.*

1. As novas solicitudes de autorización de vertedura, no caso de verteduras urbanas procedentes de aglomeracións de máis de 2.000 habitantes equivalentes e de verteduras procedentes de zonas industriais, presentadas a partir do 31 de decembro de 2015, deberán incluír a documentación técnica e as medidas, obras e instalacións, así como o conxunto de medidas que comprendan estudos técnicos de detalle para reducir a contaminación por desbordamento de augas de escorremento dos sistemas de saneamento a que fan referencia os artigos 246.2.e') e, se for o caso, 246.3.c).

2. Os titulares das autorizacións de vertedura vixentes e as que estiveren en trámite á entrada en vigor deste real decreto, así como as que se soliciten até o 31 de decembro de 2015, deberán dotar os puntos de desbordamento de sistemas de cuantificación de alivios nun prazo de 4 anos desde a entrada en vigor do presente real decreto e deberán presentar a documentación técnica a que fan referencia os artigos 246.2.e') e, se for o caso, 246.3.c) como máximo antes do 31 de decembro de 2019, sempre que estean incluídas nalgún dos seguintes grupos:

a) Verteduras procedentes de aglomeracións urbanas de máis de 50.000 habitantes equivalentes.

b) Verteduras procedentes de instalacións industriais que requiran unha autorización ambiental integrada, conforme o artigo 9 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, e zonas industriais onde se encontre algunha destas instalacións.

c) Verteduras procedentes de aglomeracións urbanas de máis de 2.000 habitantes equivalentes ou zonas industriais diferentes das anteriores situadas nunha zona protexida declarada de augas de baño incluída no Rexistro de Zonas Protexidas da Demarcación Hidrográfica a que se refire o artigo 24.2.d do Real decreto 907/2007, do 6 de xullo.

Para os desbordamentos de augas de escorremento dos sistemas de saneamento non incluídos nos grupos anteriores, o organismo de bacía poderá requirir motivadamente, en función da magnitude do desbordamento e da súa afección dos obxectivos ambientais do medio receptor, esta mesma documentación.

3. Os organismos de bacía revisarán, a partir da solicitude do interesado ou de oficio, as autorizacións de vertedura para adaptalas aos novos requirimentos en relación cos desbordamentos de augas de escorremento.»

Corenta e catro. O anexo IV queda redactado como segue:

#### «ANEXO IV

##### **Cálculo do coeficiente de maioración ou minoración do canon de control de verteduras**

A) O cálculo do coeficiente de maioración ou minoración obtense, para cada un dos dous tipos de vertedura indicados no número 1 (Natureza da vertedura), do resultado de multiplicar os factores correspondentes a cada clase dos números 2, 3 e 4 seguintes.

As verteduras de piscifactorías, de augas de achique procedentes de actividades mineiras e de augas de refrixeración son augas residuais industriais.

Para o cálculo do coeficiente de minoración séguense as indicacións establecidas nas letras B, C e D deste anexo.

## 1. Natureza da vertedura.

Auga residual urbana ou asimilable (\*).  
Auga residual industrial.

## 2. Características da vertedura.

Urbana até 1.999 habitantes-equivalentes (\*\*) = 1.  
Urbana entre 2.000 e 9.999 habitantes-equivalentes (\*\*) = 1,14.  
Urbana a partir de 10.000 habitantes-equivalentes (\*\*) = 1,28.  
Industrial clase 1 (\*\*\*) = 1.  
Industrial clase 2 (\*\*\*) = 1,09.  
Industrial clase 3 (\*\*\*) = 1,18.  
Clase 1, 2 ou 3 con substancias perigosas (\*\*\*\*) = 1,28.

## 3. Grao de contaminación da vertedura.

Urbana con tratamento adecuado (\*\*) = 0,5.  
Urbana sen tratamento adecuado (\*\*) = 2,5.  
Industrial con tratamento adecuado (\*\*) = 0,5.  
Industrial sen tratamento adecuado (\*\*) = 2,5.

## 4. Calidade ambiental do medio receptor (\*\*\*\*\*).

Vertedura en zona de categoría I = 1,25.  
Vertedura en zona de categoría II = 1,12.  
Vertedura en zona de categoría III = 1.

## Notas:

(\*) Enténdese por auga residual urbana ou asimilable aquela que non conteña un volume de augas residuais industriais maior dun 30%.

(\*\*) As definicións de habitante-equivalente, e de tratamento adecuado, son as que se encontran no Real decreto lei 11/1995. En consecuencia, e para os efectos do cálculo do canon de control de verteduras, esténdese a definición de tratamento adecuado aos verteduras industriais. Clasificarase a vertedura urbana considerando o número total de habitantes da entidade de poboación (núcleo) a que pertence. No caso de que unha vertedura reciba as augas residuais de varios núcleos de poboación, clasificarase pola suma total dos seus habitantes.

(\*\*\*) Clasificación das verteduras segundo a actividade industrial.

Clase	Grupo	
Clase 1.	0	Servizos.
	1	Enerxía e auga.
	2	Metalurxia.
	3	Alimentación.
	4	Conserveira.
	5	Confeción.
	6	Madeira.
	7	Manufacturas diversas.
	7 bis	Agricultura, caza e pesca.
	7 ter	Xestión de residuos.

Clase	Grupo	
Clase 2.	8	Minaría.
	9	Química.
	10	Construción.
	11	Bebidas e tabaco.
	12	Carnes e lácteos.
	13	Téxtil.
	14	Papel.
Clase 3.	15	Curtumes.
	16	Tratamento de superficies.
	17	Zootecnia.

## Clasificación das verteduras por grupos de actividade clasificación CNAE

CNAE	Título	Grupo	Clase
0111	Cultivo de cereais (excepto arroz), leguminosas e sementes oleaxinosas . . . . .	7 bis	1
0112	Cultivo de arroz . . . . .	7 bis	1
0113	Cultivo de hortalizas, raíces e tubérculos . . . . .	7 bis	1
0114	Cultivo de cana de azucre . . . . .	7 bis	1
0115	Cultivo de tabaco . . . . .	7 bis	1
0116	Cultivo de plantas para fibras téxtiles . . . . .	7 bis	1
0119	Outros cultivos non perennes . . . . .	7 bis	1
0121	Cultivo da vide . . . . .	7 bis	1
0122	Cultivo de froitos tropicais e subtropicais . . . . .	7 bis	1
0123	Cultivo de cítricos . . . . .	7 bis	1
0124	Cultivo de froitos con carabuña e pebidas . . . . .	7 bis	1
0125	Cultivo doutras árbores e arbustos froiteiros e froitos secos . . . . .	7 bis	1
0126	Cultivo de froitos oleaxinosos . . . . .	7 bis	1
0127	Cultivo de plantas para bebidas . . . . .	7 bis	1
0128	Cultivo de especias, plantas aromáticas, medicinais e farmacéuticas . . . . .	7 bis	1
0129	Outros cultivos perennes . . . . .	7 bis	1
0141	Explotación de gando bovino para a produción de leite . . . . .	17	3
0142	Explotación doutro gando bovino e búfalos . . . . .	17	3
0143	Explotación de cabalos e outros equinos . . . . .	17	3
0144	Explotación de camelos e outros camélidos . . . . .	17	3
0145	Explotación de gando ovino e caprino . . . . .	17	3
0146	Explotación de gando porcino . . . . .	17	3
0147	Avicultura . . . . .	17	3
0149	Outras explotacións de gando . . . . .	17	3
0150	Produción agrícola combinada coa produción gandeira . . . . .	17	3
0161	Actividades de apoio á agricultura . . . . .	0	1
0162	Actividades de apoio á gandería . . . . .	0	1
0163	Actividades de preparación posterior á colleita . . . . .	0	1
0164	Tratamento de sementes para reprodución . . . . .	0	1
0321	Acuicultura mariña . . . . .	17	3
0322	Acuicultura en auga doce . . . . .	17	3
0510	Extracción de antracita e hulla . . . . .	8	2
0520	Extracción de lignito . . . . .	8	2
0610	Extracción de cru de petróleo . . . . .	8	2
0620	Extracción de gas natural . . . . .	8	2
0710	Extracción de minerais de ferro . . . . .	8	2
0721	Extracción de minerais de uranio e torio . . . . .	8	2
0729	Extracción doutros minerais metálicos non férreos . . . . .	8	2

CNAE	Título	Grupo	Clase
0811	Extracción de pedra ornamental e para a construción, pedra calcaria, xeso, creta e lousa . . . . .	8	2
0812	Extracción de grixos e areas; extracción de arxila e caolín . . . . .	8	2
0891	Extracción de minerais para produtos químicos e fertilizantes . . . . .	8	2
0892	Extracción de turba. . . . .	8	2
0893	Extracción de sal . . . . .	8	2
0899	Outras industrias extractivas n.c.n. . . . .	8	2
0910	Actividades de apoio á extracción de petróleo e gas natural . . . . .	0	1
0990	Actividades de apoio a outras industrias extractivas . . . . .	0	1
1011	Procesamento e conservación de carne . . . . .	12	2
1012	Procesamento e conservación de aves . . . . .	12	2
1013	Elaboración de produtos cárnicos e de aves . . . . .	4	1
1021	Procesamento de pescados, crustáceos e moluscos . . . . .	4	1
1022	Fabricación de conservas de peixe . . . . .	4	1
1031	Procesamento e conservación de patacas. . . . .	4	1
1032	Elaboración de zumes de froitas e hortalizas. . . . .	4	1
1039	Outro procesamento e conservación de froitas e hortalizas . . . . .	4	1
1042	Fabricación de margarina e graxas comestibles similares. . . . .	12	2
1043	Fabricación de aceite de oliva . . . . .	3	1
1044	Fabricación doutros aceites e graxas. . . . .	3	1
1052	Elaboración de xeados. . . . .	12	2
1053	Fabricación de queixos. . . . .	12	2
1054	Preparación de leite e outros produtos lácteos . . . . .	12	2
1061	Fabricación de produtos de moenda . . . . .	3	1
1062	Fabricación de amidóns e produtos amiláceos . . . . .	3	1
1071	Fabricación de pan e de produtos frescos de panadería e pastelería . . . . .	3	1
1072	Fabricación de galletas e produtos de panadería e pastelería de longa duración. . . . .	3	1
1073	Fabricación de pastas alimenticias, cuscús e produtos similares . . . . .	3	1
1081	Fabricación de azucre . . . . .	3	1
1082	Fabricación de cacao, chocolate e produtos de confeitaría . . . . .	3	1
1083	Elaboración de café, té e infusións. . . . .	3	1
1084	Elaboración de especias, mollos e condimentos . . . . .	3	1
1085	Elaboración de pratos e comidas preparados . . . . .	3	1
1086	Elaboración de preparados alimenticios homoxeneizados e alimentos dietéticos. . . . .	3	1
1089	Elaboración doutros produtos alimenticios n.c.n. . . . .	3	1
1091	Fabricación de produtos para a alimentación de animais de granxa . . . . .	3	1
1092	Fabricación de produtos para a alimentación de animais de compañía . . . . .	3	1
1101	Destilación, rectificación e mestura de bebidas alcohólicas. . . . .	11	2
1102	Elaboración de viños . . . . .	11	2
1103	Elaboración de sidra e outras bebidas fermentadas a partir de froitas . . . . .	11	2
1104	Elaboración doutras bebidas non destiladas, procedentes da fermentación . . . . .	11	2
1105	Fabricación de cervexa . . . . .	11	2
1106	Fabricación de malte . . . . .	11	2
1107	Fabricación de bebidas non alcohólicas; produción de augas minerais e outras augas embotelladas. . . . .	3	1
1200	Industria do tabaco. . . . .	11	2
1310	Preparación e fiadura de fibras téxtiles . . . . .	13	2
1320	Fabricación de tecidos téxtiles . . . . .	13	2
1330	Acabamento de téxtiles . . . . .	13	2
1391	Fabricación de tecidos de punto. . . . .	13	2
1392	Fabricación de artigos confeccionados con téxtiles, excepto roupa de vestir . . . . .	13	2
1393	Fabricación de alfombras e moquetas . . . . .	13	2
1394	Fabricación de cordas, cordeis, breimantes e redes . . . . .	13	2
1395	Fabricación de teas non tecidas e artigos confeccionados con elas, excepto roupa de vestir . . . . .	13	2
1396	Fabricación doutros produtos téxtiles de uso técnico e industrial . . . . .	13	2

CNAE	Título	Grupo	Clase
1399	Fabricación doutros produtos téxtiles n.c.n.	13	2
1411	Confección de pezas de vestir de coiro	5	1
1412	Confección de roupa de traballo	5	1
1413	Confección doutras pezas de vestir exteriores	5	1
1414	Confección de roupa interior	5	1
1419	Confección doutras pezas de vestir e accesorios	5	1
1420	Fabricación de artigos de peletaría	5	1
1431	Confección de calcetaría	5	1
1439	Confección doutras pezas de vestir de punto	5	1
1511	Preparación, curtume e acabado do coiro; preparación e tinxidura de peles	15	3
1512	Fabricación de artigos de marroquinaría, viaxe e de selaría e correaría	15	3
1520	Fabricación de calzado	5	1
1610	Serradura e cepilladura da madeira	6	1
1621	Fabricación de chapas e taboleiros de madeira	6	1
1622	Fabricación de pisos de madeira ensamblados	6	1
1623	Fabricación doutras estruturas de madeira e pezas de carpintaría e ebanistaría para a construción	6	1
1624	Fabricación de envases e embalaxes de madeira	6	1
1629	Fabricación doutros produtos de madeira; artigos de cortiza, cestaría e espartaría	6	1
1711	Fabricación de pasta de papel	14	2
1712	Fabricación de papel e cartón	14	2
1721	Fabricación de papel e cartón ondulados; fabricación de envases e embalaxes de papel e cartón	14	2
1722	Fabricación de artigos de papel e cartón para uso doméstico, sanitario e hixiénico	14	2
1723	Fabricación de artigos de papelaría	14	2
1724	Fabricación de papeis pintados	14	2
1729	Fabricación doutros artigos de papel e cartón	14	2
1811	Artes gráficas e servizos relacionados	7	1
1812	Outras actividades de impresión e artes gráficas	7	1
1813	Servizos de preimpresión e preparación de soportes	7	1
1814	Encadernación e servizos relacionados	7	1
1820	Reproducción de soportes gravados	7	1
1910	Coquerías	8	2
1920	Refinación de petróleo	8	2
2011	Fabricación de gases industriais	9	2
2012	Fabricación de corantes e pigmentos	9	2
2013	Fabricación doutros produtos básicos de química inorgánica	9	2
2014	Fabricación doutros produtos básicos de química orgánica	9	2
2015	Fabricación de fertilizantes e compostos nitroxenados	9	2
2016	Fabricación de plásticos en formas primarias	9	2
2017	Fabricación de caucho sintético en formas primarias	9	2
2020	Fabricación de pesticidas e outros produtos agroquímicos	9	2
2030	Fabricación de pinturas, vernices e revestimentos similares; tintas de imprenta e masillas	9	2
2041	Fabricación de xabóns, deterxentes e outros artigos de limpeza e abrillantamento	9	2
2042	Fabricación de perfumes e cosméticos	9	2
2051	Fabricación de explosivos	9	2
2052	Fabricación de colas	9	2
2053	Fabricación de aceites esenciais	9	2
2059	Fabricación doutros produtos químicos n.c.n.	9	2
2060	Fabricación de fibras artificiais e sintéticas	9	2
2110	Fabricación de produtos farmacéuticos de base	9	2
2120	Fabricación de especialidades farmacéuticas	9	2
2211	Fabricación de pneumáticos e cámaras de caucho; reconstrución e recauchutaxe de pneumáticos	9	2
2219	Fabricación doutros produtos de caucho	9	2
2221	Fabricación de placas, follas, tubos e perfís de plástico	9	2



CNAE	Título	Grupo	Clase
2222	Fabricación de envases e embalaxes de plástico . . . . .	9	2
2223	Fabricación de produtos de plástico para a construción . . . . .	9	2
2229	Fabricación doutros produtos de plástico . . . . .	9	2
2311	Fabricación de vidro plano . . . . .	9	2
2312	Manipulación e transformación de vidro plano . . . . .	9	2
2313	Fabricación de vidro oco . . . . .	9	2
2314	Fabricación de fibra de vidro . . . . .	9	2
2319	Fabricación e manipulación doutro vidro, incluído o vidro técnico . . . . .	9	2
2320	Fabricación de produtos cerámicos refractarios . . . . .	9	2
2331	Fabricación de azulexos e baldosas de cerámica . . . . .	9	2
2332	Fabricación de tixelos, tellas e produtos de terras cocidas para a construción . . . . .	9	2
2341	Fabricación de artigos cerámicos de uso doméstico e ornamental . . . . .	9	2
2342	Fabricación de aparellos sanitarios cerámicos . . . . .	9	2
2343	Fabricación de illadores e pezas illantes de material cerámico . . . . .	9	2
2344	Fabricación doutros produtos cerámicos de uso técnico . . . . .	9	2
2349	Fabricación doutros produtos cerámicos . . . . .	9	2
2351	Fabricación de cemento . . . . .	9	2
2352	Fabricación de cal e xeso . . . . .	9	2
2361	Fabricación de elementos de formigón para a construción . . . . .	9	2
2362	Fabricación de elementos de xeso para a construción . . . . .	9	2
2363	Fabricación de formigón fresco . . . . .	9	2
2364	Fabricación de argamasa . . . . .	9	2
2365	Fabricación de fibrocemento . . . . .	9	2
2369	Fabricación doutros produtos de formigón, xeso e cemento . . . . .	9	2
2370	Corte, entalla e acabado da pedra . . . . .	9	2
2391	Fabricación de produtos abrasivos . . . . .	9	2
2399	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos n.c.n. . . . .	9	2
2410	Fabricación de produtos básicos de ferro, aceiro e ferroalixaxes . . . . .	2	1
2420	Fabricación de tubos, tubaxes, perfís ocós e os seus accesorios, de aceiros . . . . .	7	1
2431	Estiraxe en frío . . . . .	2	1
2432	Laminación en frío . . . . .	2	1
2433	Produción de perfís en frío por conformación con pregadura . . . . .	2	1
2434	Trefilaxe en frío . . . . .	2	1
2441	Produción de metais preciosos . . . . .	2	1
2442	Produción de aluminio . . . . .	2	1
2443	Produción de chumbo, zinc e estaño . . . . .	2	1
2444	Produción de cobre . . . . .	2	1
2445	Produción doutros metais non férreos . . . . .	2	1
2446	Procesamento de combustibles nucleares . . . . .	8	2
2451	Fundición de ferro . . . . .	2	1
2452	Fundición de aceiros . . . . .	2	1
2453	Fundición de metais lixeiros . . . . .	2	1
2454	Fundición doutros metais non férreos . . . . .	2	1
2511	Fabricación de estruturas metálicas e os seus compoñentes . . . . .	7	1
2512	Fabricación de carpintería metálica . . . . .	7	1
2521	Fabricación de radiadores e caldeiras para calefacción central . . . . .	7	1
2529	Fabricación doutras cisternas, grandes depósitos e contedores de metal . . . . .	7	1
2530	Fabricación de xeradores de vapor, excepto caldeiras de calefacción central . . . . .	7	1
2540	Fabricación de armas e municións . . . . .	7	1
2550	Forxa, estampación e embutición de metais; metalurxia de pos . . . . .	2	1
2561	Tratamento e revestimento de metais . . . . .	16	3
2562	Enxeñaría mecánica por conta de terceiros . . . . .	2	1
2571	Fabricación de artigos de coitelaría e cubertos . . . . .	7	1

CNAE	Título	Grupo	Clase
2572	Fabricación de fechos e ferraxes . . . . .	7	1
2573	Fabricación de ferramentas . . . . .	7	1
2591	Fabricación de bidóns e cubas de ferro ou aceiros . . . . .	7	1
2592	Fabricación de envases e embalaxes metálicos lixeiros . . . . .	7	1
2593	Fabricación de produtos de arame, cadeas e resortes . . . . .	7	1
2594	Fabricación de pernos e produtos de parafusaría . . . . .	7	1
2599	Fabricación doutros produtos metálicos n.c.n. . . . .	7	1
2611	Fabricación de compoñentes electrónicos . . . . .	7	1
2612	Fabricación de circuitos impresos ensamblados . . . . .	7	1
2620	Fabricación de ordenadores e equipamentos periféricos. . . . .	7	1
2630	Fabricación de equipamentos de telecomunicacións. . . . .	7	1
2640	Fabricación de produtos electrónicos de consumo . . . . .	7	1
2651	Fabricación de instrumentos e aparellos de medida, verificación e navegación . . . . .	7	1
2652	Fabricación de reloxos . . . . .	7	1
2660	Fabricación de equipamentos de radiación, electromédicos e electroterapéuticos . . . . .	7	1
2670	Fabricación de instrumentos de óptica e equipamento fotográfico . . . . .	7	1
2680	Fabricación de soportes magnéticos e ópticos . . . . .	9	2
2711	Fabricación de motores, xeradores e transformadores eléctricos . . . . .	7	1
2712	Fabricación de aparellos de distribución e control eléctrico. . . . .	7	1
2720	Fabricación de pilas e acumuladores eléctricos. . . . .	7	1
2731	Fabricación de cables de fibra óptica. . . . .	7	1
2732	Fabricación doutros fíos e cables electrónicos e eléctricos . . . . .	7	1
2733	Fabricación de dispositivos de cableado . . . . .	7	1
2740	Fabricación de lámpadas e aparellos eléctricos de iluminación. . . . .	7	1
2751	Fabricación de electrodomésticos . . . . .	7	1
2752	Fabricación de aparellos domésticos non eléctricos . . . . .	7	1
2790	Fabricación doutro material e equipamento eléctrico. . . . .	7	1
2811	Fabricación de motores e turbinas, excepto os destinados a aeronaves, vehículos automóbiles e ciclomotores . . . . .	7	1
2812	Fabricación de equipamentos de transmisión hidráulica e pneumática. . . . .	7	1
2813	Fabricación doutras bombas e compresores . . . . .	7	1
2814	Fabricación doutras billas e válvulas . . . . .	7	1
2815	Fabricación de chumaceiras, engraxes e órganos mecánicos de transmisión . . . . .	7	1
2821	Fabricación de fornos e queimadores . . . . .	7	1
2822	Fabricación de maquinaria de elevación e manipulación. . . . .	7	1
2823	Fabricación de máquinas e equipamentos de oficina, excepto equipamentos informáticos . . . . .	7	1
2824	Fabricación de ferramentas eléctricas manuais. . . . .	7	1
2825	Fabricación de maquinaria de ventilación e refrixeración non doméstica . . . . .	7	1
2829	Fabricación doutra maquinaria de uso xeral n.c.n. . . . .	7	1
2830	Fabricación de maquinaria agraria e forestal . . . . .	7	1
2841	Fabricación de máquinas ferramenta para traballar o metal . . . . .	7	1
2849	Fabricación doutras máquinas ferramenta . . . . .	7	1
2891	Fabricación de maquinaria para a industria metalúrxica . . . . .	7	1
2892	Fabricación de maquinaria para as industrias extractivas e da construción . . . . .	7	1
2893	Fabricación de maquinaria para a industria da alimentación, bebidas e tabaco . . . . .	7	1
2894	Fabricación de maquinaria para as industrias téxtil, da confección e do coiro . . . . .	7	1
2895	Fabricación de maquinaria para a industria do papel e do cartón . . . . .	7	1
2896	Fabricación de maquinaria para a industria do plástico e o caucho . . . . .	7	1
2899	Fabricación doutra maquinaria para usos específicos n.c.n. . . . .	7	1
2910	Fabricación de vehículos de motor. . . . .	7	1
2920	Fabricación de carrozarías para vehículos de motor; fabricación de remolques e semirremolques . . . . .	7	1
2931	Fabricación de equipamentos eléctricos e electrónicos para vehículos de motor . . . . .	7	1
2932	Fabricación doutros compoñentes, pezas e accesorios para vehículos de motor. . . . .	7	1

CNAE	Título	Grupo	Clase
3011	Construción de barcos e estruturas flutuantes . . . . .	7	1
3012	Construción de embarcacións de lecer e deporte . . . . .	7	1
3020	Fabricación de locomotoras e material ferroviario . . . . .	7	1
3030	Construción aeronáutica e espacial e a súa maquinaria . . . . .	7	1
3040	Fabricación de vehículos militares de combate . . . . .	7	1
3091	Fabricación de motocicletas . . . . .	7	1
3092	Fabricación de bicicletas e de vehículos para persoas con discapacidade . . . . .	7	1
3099	Fabricación doutro material de transporte n.c.n. . . . .	7	1
3101	Fabricación de mobles de oficina e de establecementos comerciais . . . . .	7	1
3102	Fabricación de mobles de cociña . . . . .	7	1
3103	Fabricación de colchóns . . . . .	7	1
3109	Fabricación doutros mobles . . . . .	7	1
3211	Fabricación de moedas . . . . .	7	1
3212	Fabricación de artigos de xoiaría e artigos similares . . . . .	7	1
3213	Fabricación de artigos de bixutaría e artigos similares . . . . .	7	1
3220	Fabricación de instrumentos musicais . . . . .	7	1
3230	Fabricación de artigos de deporte . . . . .	7	1
3240	Fabricación de xogos e xoguetes . . . . .	7	1
3250	Fabricación de instrumentos e fornecementos médicos e odontolóxicos . . . . .	7	1
3291	Fabricación de vasoiras, brochas e cepillos . . . . .	7	1
3299	Outras industrias manufactureiras n.c.n. . . . .	7	1
3311	Reparación de produtos metálicos . . . . .	0	1
3312	Reparación de maquinaria . . . . .	0	1
3313	Reparación de equipamentos electrónicos e ópticos . . . . .	0	1
3314	Reparación de equipamentos eléctricos . . . . .	0	1
3315	Reparación e mantemento naval . . . . .	0	1
3316	Reparación e mantemento aeronáutico e espacial . . . . .	0	1
3317	Reparación e mantemento doutro material de transporte . . . . .	0	1
3319	Reparación doutros equipamentos . . . . .	0	1
3320	Instalación de máquinas e equipamentos industriais . . . . .	0	1
3512	Transporte de enerxía eléctrica . . . . .	1	1
3513	Distribución de enerxía eléctrica . . . . .	1	1
3514	Comercio de enerxía eléctrica . . . . .	1	1
3515	Produción de enerxía hidroeléctrica . . . . .	1	1
3516	Produción de enerxía eléctrica de orixe térmica convencional . . . . .	1	1
3517	Produción de enerxía eléctrica de orixe nuclear . . . . .	1	1
3518	Produción de enerxía eléctrica de orixe eólica . . . . .	1	1
3519	Produción de enerxía eléctrica doutros tipos . . . . .	1	1
3521	Produción de gas . . . . .	1	1
3522	Distribución por tubaxe de combustibles gasosos . . . . .	1	1
3523	Comercio de gas por tubaxe . . . . .	1	1
3530	Fornecemento de vapor e aire acondicionado . . . . .	1	1
3600	Captación, depuración e distribución de auga . . . . .	1	1
3700	Recolla e tratamento de augas residuais . . . . .	1	1
3811	Recolla de residuos non perigosos . . . . .	7 Ter	1
3812	Recolla de residuos perigosos . . . . .	7 Ter	1
3821	Tratamento e eliminación de residuos non perigosos . . . . .	7 Ter	1
3822	Tratamento e eliminación de residuos perigosos . . . . .	7 Ter	1
3831	Separación e clasificación de materiais . . . . .	7 Ter	1
3832	Valorización de materiais xa clasificados . . . . .	7 Ter	1
3900	Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos . . . . .	7 Ter	1
4121	Construción de edificios residenciais . . . . .	10	2
4122	Construción de edificios non residenciais . . . . .	10	1

CNAE	Título	Grupo	Clase
4122	Construción de edificios non residenciais . . . . .	10	2
4211	Construción de estradas e autoestradas . . . . .	10	2
4212	Construción de vías férreas de superficie e subterráneas . . . . .	10	2
4213	Construción de pontes e túneles . . . . .	10	2
4221	Construción de redes para fluídos . . . . .	0	1
4222	Construción de redes eléctricas e de telecomunicacións. . . . .	0	1
4291	Obras hidráulicas . . . . .	0	1
4299	Construción doutros proxectos de enxeñaría civil n.c.n. . . . .	0	1
4311	Demolición . . . . .	0	1
4312	Preparación de terreos. . . . .	0	1
4313	Perforacións e sondaxes . . . . .	0	1
4520	Mantemento e reparación de vehículos de motor . . . . .	0	1
4540	Venda, mantemento e reparación de motocicletas e dos seus recambios e accesorios. . . . .	0	1
4671	Comercio por xunto de combustibles sólidos, líquidos e gasosos, e produtos similares. . . . .	0	1
4730	Comercio ao retallo de combustible para a automoción en establecementos especializados . . . . .	0	1
5210	Depósito e almacenamento . . . . .	0	1
5510	Hoteis e aloxamentos similares . . . . .	0	1
5520	Aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de estadia curta. . . . .	0	1
5530	Cámpings e aparcadoiros para caravanas. . . . .	0	1
5590	Outros aloxamentos. . . . .	0	1
5610	Restaurantes e postos de comidas . . . . .	0	1
5621	Provisión de comidas preparadas para actos . . . . .	0	1
5629	Outros servizos de comidas. . . . .	0	1
5630	Establecementos de bebidas . . . . .	0	1
5811	Edición de libros . . . . .	7	1
5812	Edición de directorios e guías de enderezos postais. . . . .	7	1
5813	Edición de xornais . . . . .	7	1
5814	Edición de revistas . . . . .	7	1
5819	Outras actividades editoriais . . . . .	7	1
5821	Edición de videoxogos . . . . .	7	1
5829	Edición doutros programas informáticos . . . . .	7	1
7120	Ensaio e análises técnicos . . . . .	0	1
7211	Investigación e desenvolvemento experimental en biotecnoloxía . . . . .	0	1
7219	Outra investigación e desenvolvemento experimental en ciencias naturais e técnicas. . . . .	0	1
7220	Investigación e desenvolvemento experimental en ciencias sociais e humanidades . . . . .	0	1
7420	Actividades de fotografía . . . . .	9	2
8610	Actividades hospitalarias . . . . .	0	1
8621	Actividades de medicina xeral . . . . .	0	1
8622	Actividades de medicina especializada . . . . .	0	1
8623	Actividades odontolóxicas . . . . .	0	1
8690	Outras actividades sanitarias . . . . .	0	1
8710	Asistencia en establecementos residenciais con coidados sanitarios . . . . .	0	1
8720	Asistencia en establecementos residenciais para persoas con discapacidade intelectual, enfermidade mental e drogodependencia . . . . .	0	1
8731	Asistencia en establecementos residenciais para persoas de idade . . . . .	0	1
8732	Asistencia en establecementos residenciais para persoas con discapacidade física . . . . .	0	1
8790	Outras actividades de asistencia en establecementos residenciais. . . . .	0	1
9511	Reparación de ordenadores e equipamentos periféricos. . . . .	0	1
9512	Reparación de equipamentos de comunicación. . . . .	0	1
9521	Reparación de aparellos electrónicos de audio e vídeo de uso doméstico . . . . .	0	1
9522	Reparación de aparellos electrodomésticos e de equipamentos para a casa e o xardín . . . . .	0	1
9523	Reparación de calzado e artigos de coiro . . . . .	0	1
9524	Reparación de mobles e de louza . . . . .	0	1

CNAE	Título	Grupo	Clase
9525	Reparación de relojos e xoiaría. . . . .	0	1
9529	Reparación doutros artigos persoais e artigos de uso doméstico . . . . .	0	1
9601	Lavado e limpeza de pezas téxtiles e de pel . . . . .	0	1
9602	Salóns de peiteado e outros tratamentos de beleza . . . . .	0	1
9603	Funerarias e actividades relacionadas. . . . .	0	1
9604	Actividades de mantemento físico . . . . .	0	1
9609	Outras servizos persoais n.c.n. . . . .	0	1

As augas de procedencia urbana non asimilables a augas urbanas por conteren máis dun 30% de volume de auga industrial, clasificaranse en dous tramos:

- Verteduras cunha porcentaxe de augas industriais entre o 30% e o 70% do total: o conxunto da vertedura clasificarase como industrial de clase 1.
- Verteduras cunha porcentaxe de augas industriais superior ao 70% do total: o conxunto da vertedura considerarase industrial e clasificarase segundo as clases industriais das actividades de que se trate, aplicando os criterios seguintes: no caso de polígonos industriais ou outras verteduras que reúnan os efluentes procedentes de distintas actividades industriais, aplicarase ao conxunto da vertedura o maior dos coeficientes que corresponderían a cada unha das actividades se verteren individualmente. Non obstante, se a solicitude de autorización de vertedura desagrega os volumes das distintas clases industriais, ponderarase o correspondente coeficiente que debe aplicarse.

(\*\*\*\*) Para a inclusión nesta clase bastará con que se constate na vertedura a presenza dunha das substancias perigosas en concentración superior ao límite de cuantificación analítico. Só para efectos da aplicación deste factor, considéranse substancias perigosas as que figuran nos anexos I e II do Real decreto 60/2011, do 21 de xaneiro, sobre as normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas.

As substancias seleccionadas clasifícanse en substancias prioritarias e outros contaminantes e substancias preferentes da seguinte forma:

- Substancias prioritarias e outros contaminantes: son as substancias recollidas no anexo I, letra A do Real decreto 60/2011, do 21 de xaneiro.
- Substancias preferentes: son as substancias recollidas no anexo II, letra A do Real decreto 60/2011, do 21 de xaneiro.

(\*\*\*\*\*) Inclúense nas zonas de categoría I as destinadas á produción de auga potable, as zonas aptas para o baño, as zonas aptas para a vida dos salmónidos, as zonas declaradas de protección especial e os perímetros de protección determinados no artigo 56.3 do texto refundido da Lei de augas, así como todas as verteduras ás augas subterráneas. Tamén se inclúen nesta categoría as zonas declaradas sensibles en aplicación do Real decreto lei 11/1995 e as súas áreas de captación; neste último suposto, o coeficiente correspondente a esta categoría aplicarase unicamente:

- Canto ás verteduras de augas residuais urbanas, ás aglomeracións urbanas de máis de 10.000 habitantes equivalentes.
- Canto ás verteduras de augas residuais industriais, a aquelas cuxa autorización de vertedura prevexa condicións específicas para o tratamento, redución ou limitación do nitróxeno ou do fósforo.

Inclúense nas zonas de categoría II as zonas aptas para a vida dos ciprínidos e para a cría de moluscos, así como calquera outra para a cal os plans hidrolóxicos de bacía determinasen un uso público recreativo.

Inclúense nas zonas de categoría III aquelas non incluídas nas categorías anteriores.

As definicións anteriores refírense aos conceptos regulados no Real decreto 927/1988, do 29 de xullo, e na súa aplicación teranse en conta os obxectivos que, para cada horizonte temporal, os plans hidrolóxicos de bacía establecesen para cada medio receptor.

Nos supostos en que coincidan dous ou máis usos no mesmo medio receptor en que se efectúa a vertedura, aplicarase o factor máis elevado. A aplicación dos factores esténdese ás zonas de influencia que conteñan os plans hidrolóxicos, sempre que estean efectivamente delimitadas.

B) Vertedura de piscifactorías: no caso de que os valores dos parámetros característicos de contaminación da vertedura sexan inferiores aos fixados como obxectivo de calidade do medio receptor, o coeficiente será 0,006. Se non se cumprir esta condición, o coeficiente multiplicarase por 3.

C) Augas de achique procedentes de actividades mineiras: no caso de que os valores dos parámetros característicos de contaminación da vertedura sexan inferiores aos fixados como obxectivo de calidade do medio receptor, o coeficiente será 0,006. Se non se cumprir esta condición, o coeficiente multiplicarase por 3.

D) Augas de refrixeración: aplicaranse os coeficientes da táboa adxunta, sempre que a vertedura non ocasione o incumprimento do obxectivo de calidade fixado para a temperatura no medio receptor e, ademais, non se altere o valor do resto de parámetros ou substancias da vertedura respecto á auga de captación.

Se o río non ten fixados obxectivos de calidade, o incremento de temperatura media dunha sección fluvial tras a zona de dispersión non superará os 3 °C.

En lagos ou encoros a temperatura da vertedura non superará os 30 °C.

Volume hm <sup>3</sup>	Coefficientes de minoración (1)
Menor de 100 . . . . .	0,02000
de 100 a 250 . . . . .	0,01166
de 250 a 1.000 . . . . .	0,00566
Superior a 1.000 . . . . .	0,00125

Se non se cumprir algunha das condicións anteriores, os coeficientes multiplicaranse por 3.

O importe do canon determinarase por adición dos importes parciais que resulten de aplicar os sucesivos tramos da escala.

(1) No caso de centrais térmicas, sexan convencionais ou nucleares, que utilicen a auga como refrixeración, os coeficientes da táboa corresponden a un funcionamento tipo de 6.000 horas anuais no caso das centrais térmicas convencionais e 8.000 horas anuais no caso das centrais nucleares. Estes coeficientes multiplicaranse pola relación entre o número de horas de funcionamento realmente habidas no ano e as correspondentes horas de funcionamento tipo.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, de desenvolvemento do Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento de augas residuais urbanas.*

O artigo 2 do Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, de desenvolvemento do Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento de augas residuais urbanas, queda redactado como segue:

«Artigo 2. *Condicións técnicas dos sistemas colectores.*

O proxecto, construción e mantemento dos sistemas colectores a que fai referencia o artigo 4 do Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, deberá



realizarse, tendo presente o volume e as características das augas residuais urbanas, utilizando os mellores coñecementos técnicos dispoñibles que non redunden en custos desproporcionados, para limitar a contaminación vertida ao medio receptor por desbordamento de augas de escorremento e para conseguir unha adecuada estanquidade dos sistemas colectores, entendéndose por estanquidade a limitación de filtracións.

Os organismos de bacía e o resto de administracións competentes, ao outorgaren as autorizacións de vertedura, decidirán as medidas para limitar a contaminación por desbordamento de augas de escorremento, en circunstancias tales como chuvias torrenciais inusuais, tendo en conta as normas técnicas referidas no artigo 259.ter.3 do Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 xullo, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.»

**Disposición derogatoria única.** *Supresión de determinadas funcións dos consellos de auga da demarcación en materia de revogación das autorizacións de vertedura de augas residuais ao dominio público hidráulico.*

Quedan derogados:

a) A alínea d) do número 3 do artigo 2 do Real decreto 1364/2011, do 7 de outubro, polo que se establece a composición, estrutura e funcionamento do Consello da Auga da demarcación da parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro.

b) A alínea d) do número 3 do artigo 2 do Real decreto 1365/2011, do 7 de outubro, polo que se establece a composición, estrutura e funcionamento do Consello da Auga da demarcación da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.

c) A alínea d) do número 3 do artigo 2 do Real decreto 1366/2011, do 7 de outubro, polo que se establece a composición, estrutura e funcionamento do Consello da Auga da demarcación da parte española da Demarcación Hidrográfica do Ebro.

d) A alínea d) do número 3 do artigo 2 do Real decreto 1389/2011, do 14 de outubro, polo que se establece a composición, estrutura e funcionamento do Consello da Auga da demarcación da parte española da Demarcación Hidrográfica do Guadiana e polo que se modifica o Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos.

e) A alínea d) do número 3 do artigo 2 do Real decreto 1598/2011, do 4 de novembro, polo que se establece a composición, estrutura e funcionamento do Consello da Auga da Demarcación Hidrográfica do Guadalquivir e polo que se modifica o Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos.

f) A alínea d) do número 3 do artigo 2 do Real decreto 1626/2011, do 14 de novembro, polo que se establece a composición, estrutura e funcionamento do Consello da Auga da Demarcación Hidrográfica do Cantábrico Occidental e polo que se modifica o Real decreto 126/2007, do 2 de febreiro, polo que se regulan a composición, funcionamento e atribucións dos comités de autoridades competentes das demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias.

g) A alínea d) do número 3 do artigo 2 do Real decreto 1627/2011, do 14 de novembro, polo que se establece a composición, estrutura e funcionamento do Consello da Auga do ámbito de competencia estatal da parte española da Demarcación Hidrográfica do Cantábrico Oriental.

h) A alínea d) do número 3 do artigo 2 do Real decreto 1704/2011, do 18 de novembro, polo que se establece a composición, estrutura e funcionamento do Consello da Auga da demarcación da parte española da Demarcación Hidrográfica do Texo.

i) A alínea d) do número 3 do artigo 2 do Real decreto 1705/2011, do 18 de novembro, polo que se establece a composición, estrutura e funcionamento do Consello da Auga da Demarcación Hidrográfica do Segura.»

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

1. O artigo primeiro números do seis ao dez, catorce, quince e do dezaioito ao vinte, e vinte e catro dítanse ao abeiro do artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre concesións administrativas.

2. O artigo primeiro números once, dezaseis, vinte e un ao vinte e tres, do vinte e cinco ao trinta, trinta e nove e corenta dítanse ao abeiro do artigo 149.1.22.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorren por máis dunha comunidade autónoma.

3. Ten o carácter de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección, de acordo co preceptuado no 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución, o resto das disposicións do artigo primeiro.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de setembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE